




Referencia	24
Ambito	Dobrax e audiodescrición
Categoría	Shareware, uso doméstico
Nombre	DubIt
Fecha	12/12/2010
Descripción	DubIt é un programa de edición de audio e vídeo coa función principal de engadir grabacións de voz ou pistas de sonido (formato WAV) a películas (formato AVI) ou a imaxes (formatos JPF, BMP ou GIF).
Versión actual	2.0.11
Tipo licencia	Exclusiva e gratuita
Vers. anteriores	2.0.10, 2.0.9, 2.0.7, 2.0.5, 2.0.4, 2.0.1, 2.0, 1.0.2, 1.0.1
Responsables	TechSmith Corporation
Precio	0,00 €
URL programa	http://www.techsmith.com/snagit/accessories/dubit.asp
URL manual	http://www.edflix.org/dubit.htm
URL ver. prueba	
URL ver. demo	
Fecha publicación	15/10/2002
Sistema operativo	Microsoft Windows 95, 98, Me, NT 4.0, 2000 y XP
Lenguas interfaz	Inglés
Lenguas trabajo	ASCII (posiblemente no Unicode)
Relación con TM	Permite traballar co vídeo e co audio de películas en formato AVI e con imaxes de diversos formatos. Tamén realiza tarefas moi básicas de dobraxe e de edición de audio.
Formatos trabajo	AVI, RM, ASF, WAV, JPG, JPEG, BMP, GIF, DUB
Requisitos hard.	Sistema operativo compatible Procesador de 90 MHz (recomendados, 400 MHz) 16 MB de RAM (recomendados, 64 MB) Tarxeta de sonido e micrófono compatibles con Windows 4 MB de espacio libre no disco duro
Requisitos soft.	Sistema operativo compatible Reprodutor de vídeo (para visualizar proxectos)
Funciones esp.	Sustituir o audio dunha película xa existente por outra pista, procedente dun arquivo de sonido ou dunha grabación de voz obtida mediante o programa. Crear presentacións de imaxes (formato DUB) e vídeos (formato AVI) a partires dos novos proxectos. Extraer a un novo arquivo o vídeo (AVI o RM) ou o audio (WAV o RM) doutros arquivos. Eliminar o audio dunha película existente.




Máster oficial en Traducción Multimedia

SOFTWARE

Captura pant-1




Captura pant-2





Captura pant-3



Comentarios

DubIt é un programa moi doado de manexar, aínda que isto débese a que as funcións que realiza son moi básicas. Posto que ofrece poucas posibilidades á hora de editar o audio asignado ó vídeo, non sería un programa recomendable para realizar tarefas de sincronización (dobraxa). Sen embargo, pode resultar útil para levar a cabo audiodescripcións sinxelas de imaxes. Por outro lado, as funcións para extraer vídeo ou audio de películas pode resultar útil para determinadas tarefas, especialmente en combinación con outras ferramentas máis complexas de edición de sonido ou vídeo.

A Axuda do programa contén todo tipo de indicacións sobre as características e o uso da aplicación. Xunto coas limitadas opcións do programa, isto fai que non sexa especialmente necesario publicar outros manuais de uso da ferramenta.

Ayuda alumnado Pernas Moreno, Hugo

E-mail alumnado hugopmgal@gmail.com

Ayuda general www.techsmith.com
techsmith.custhelp.com
support@techsmith.com
forums.techsmith.com

Ayuda programa Camtasia, SnagIt, VirtualDub, Audacity

FAQ-1

No Museo do Prado estase levando a cabo unha exposición monográfica do pintor Renoir e recibín fotografías dos cadros da exposición para realizar unha audiodescripción delas en castelán e en inglés. Algunha das ferramentas presentes na guía do bloque 2 pode axudarme neste menester de xeito rápido e sinxelo? Como debería proceder para realizar esta labor?

Resposta FAQ-1

O DubIt conta cunha opción para agregar grabacións e pistas de audio a unha presentación de arquivos de imaxe. No caso que se plantexa, o primeiro paso sería crear unha presentación, para o cal elixiríanse as imaxes dos cadros, estableceríase unha orde para amosalas e asignaríase unha duración en pantalla a cada unha. O DubIt permite editar por separado o audio de cada elemento da presentación, polo que a continuación grabaríase unha audiodescripción para cada imaxe, axustando o tempo en pantalla á duración da intervención. Así, comentaríanse todos os cadros e, despois, crearíase un vídeo de formato AVI co conxunto das audiodescripcións, empregando o propio DubIt. Finalmente, repetiríanse estes pasos para realizar as audiodescripcións na outra lingua e así obteríase un segundo arquivo de vídeo coa outra versión.

FAQ-2

Estamos elaborando unha presentación multimedia sobre interpretación para actores de dobraxe na cal desexamos insertar unha intervención concreta dunha película. Como se podería obter o audio dese momento puntual?



Respuesta FAQ-2

Neste caso, non bastaría con empregar o DubIt para lograr o propósito, pero sería útil para realizar os primeiros pasos nunha posible solución.

Coa función "Split" pódese crear arquivos novos cos compoñentes visuais ou sonoros dunha película. Esta ferramenta produce arquivos en formato WAV que conteñen só o audio da película orixinal.

No caso proposto, extraeríase o audio da película. Sen embargo, o arquivo creado contería o sonido de todo o filme. Para rematar o traballo, necesitaríase unha aplicación (e.g. Audacity) que permita extraer segmentos de audio do conxunto total. Deste xeito, conseguiríase un novo arquivo que só contería o segmento de audio que se desexa utilizar na presentación.
